

RESOLUCIÓN

CONVOCATORIA DA REUNIÓN DA XUNTA LOCAL DE SEGURIDADE DO CONCELLO DE CARBALLO PARA O DÍA 7 DE XULLO DE 2022.

En uso das atribucións conferidas a esta Alcaldía polo artigo 21.1c) da Lei 7/1985 de 2 de abril "Reguladora de las Bases de Régimen Local", e demais preceptos concordantes e vista a acta da sesión plenaria do 29/07/2019, como membro da Xunta Local de Seguridade do Concello de Carballo,

RESOLVO:

Primeiro.- Convocar sesión ordinaria da Xunta Local de Seguridade, para o día 7 de xullo de 2022, as 12:00 horas en primeira convocatoria e de non haber "quórum" suficiente, en segunda convocatoria ás 12:30 horas, que terá lugar no Salón de Plenos do Concello de Carballo, para debatir os asuntos relacionados na seguinte orde do día:

1º.- Acta da sesión anterior (29/09/2021). Aprobación.

2º.- Valoración da situación da seguridade cidadá no Concello de Carballo.

3º.- Acordo para subscribir un novo "Convenio entre o Ministerio do Interior (Dirección Xeral da Garda Civil) e o Concello de Carballo en materia de seguridade" para reforzar a colaboración e coordinación entre Garda Civil e Policía Local en materia de seguridade cidadá que permita o intercambio de información entre ambos corpos.

4º.- Informe sobre a situación da violencia de xénero no Concello de Carballo.

5º.- Rolda de intervencións.

Segundo.- Dar traslado desta resolución aos membros da Xunta Local de Seguridade do Concello de Carballo.

Asinado dixitalmente na data que figura ao marxe.

Alcalde

Evencio Ferrero Rodríguez

Secretaria Accidental

Carmen del Río Rodríguez